

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA**

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

4º ESO

CURSO 2019/2020

ÍNDICE

1.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.

2.- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

2.1-AVALIACIÓN.

2.2.1-PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

2.2.2-INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

3.- METODOLOGÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN)

3.1-METODOLOGÍA (ALUMNADO CON CONECTIVIDADE E SEN CONECTIVIDADE)

3.2-MATERIAIS E RECURSOS

4.-INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

1.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Ao final de cada estándar de aprendizaxe avaliable relacionamos este, empregando as abreviaturas indicadas no apartado titulado “*Competencias a desenvolver na ESO*” da programación de principio de curso, coas competencias clave nas que se incide en cada caso.

Bloque 1, Comunicación oral: escoitar e falar

No terceiro trimestre, e debido á situación especial na que nos atopamos, que pode dificultar o desenvolvemento do bloque de comunicación oral, este verase diminuído e só teremos en conta os seguintes estándares nos casos en que sexa posible tendo en conta a situación e as circunstancias do alumnado:

- Interpreta textos orais e traslada a información relevante a esquemas ou resumos que recollen as ideas principais. (CCL, CAA)
- Produce textos orais adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.(CCL, CSC, CCEC)
- Emprega nas intervencións orais un léxico rico e variado. (CCL)

Bloque 2, Comunicación escrita: Ler e escribir

- Recoñece e expresa o tema e a intención comunicativa de textos escritos de diferentes tipos. (CCL, CCEC)
- Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.(CCL, CSC)
- Produce, en formato papel ou dixital, textos da vida cotiá ou das relacións sociais adecuados ao excepcional momento no que nos atopamos: correos electrónicos, comentarios ou mensaxes na Aula Virtual ou Classroom (CCL, CSC e CD)
- Planifica e revisa o texto en varias fases para aclarar problemas co contido ou a forma (puntuación, ortografía, gramática e presentación) e reescribe con corrección o texto.(CCL, CAA)

- Aplica correctamente o sistema de procura nos buscadores de internet para obter, organizar e seleccionar información. (CCL, CAA e CD)
- Consulta fontes de información en distintos soportes, xerais (enciclopedias) e especializadas (monográficos e webs temáticas) para ampliar a información e incorporala aos seus escritos. (CD, CAA)
- Usa as TIC (procesadores de textos, correctores ortográficos) para organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos (CCL e CD)
- Recoñece e evita usos lingüísticos que transmiten prexuízos ou mensaxes discriminatorias. (CCL e CSC)

Bloque 3, Coñecemento da lingua

- Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios aplicando os coñecementos adquiridos na mellora destes.(CCL)
- Selecciona o léxico e as expresións axeitadas en contextos comunicativos de uso formal da lingua. (CCL e CAA)
- Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras e crea palabras novas utilizando os procedementos de creación. (CCL e CAA)
- Recoñece e explica os elementos constitutivos da palabra (raíz e afixos) e aplica este coñecemento ao enriquecemento do seu vocabulario activo.(CCL, CAA)
- Identifica os grupos de palabras en textos, diferenciando a palabra nuclear do resto e explica o seu funcionamento no marco da oración simple.(CCL)
- Recoñece e explica nos textos as funcións sintácticas oracionais e diferencia os elementos que as desempeñan. (CCL e CAA)
- Identifica os tipos de oracións simples atendendo á súa estrutura e á intención do falante.(CCL, CSC)
- Identifica e analiza os diferentes tipos e subtipos de oracións compostas.(CCL)
- Identifica, explica e usa distintos conectores, así como outros mecanismos que lle achegan cohesión a un texto. (CCL)
- Recoñece a coherencia dun discurso atendendo á intención comunicativa do emisor e identificando a súa estrutura. (CCL)

- Identifica diferentes tipos de texto –narración, descripción, diálogo...- e aplica o coñecemento dos seus mecanismos lingüísticos na produción e mellora de textos propios e alleos.(CCL, CCEC)
- Coñece as linguas do Estado español, reconece as súas orixes históricas e describe algúns dos seus trazos diferenciais.(CSC)
- Recoñece as variedades xeográficas do castelán dentro e fóra de España e as variedades diafásicas.(CSC)
- Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade. (CCL e CSC)
- Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo. (CCL e CSC)
- Utiliza los diccionarios y otras fuentes de consulta en papel y formato digital resolviendo eficazmente sus dudas sobre el uso correcto de la lengua y progresando en el aprendizaje autónomo.(CCL, CAA, CD)

Bloque 4, Educación literaria

- Identifica as distintas épocas e correntes literarias da Literatura española desde o século XVIII ata a Xeración do 27 (CCL)
- Selecciona, seguindo criterios razoados, textos representativos da Literatura española desde século XVIII ata a Xeración do 27 (CCL)
- Le e comprende unha selección de textos literarios, en versión orixinal ou adaptada, representativos da literatura desde a partir do século XVIII (identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria).(CCL, CCEC) ata a Xeración do 27.
- Relaciona o contido da obra literaria coa intención do/da autor/a e o contexto e emite xuízos persoais razoados (CCEC)
- Valora as obras de lectura libre explicando os aspectos que máis chamaron a súa atención e o que a lectura lle achegou como experiencia persoal.(CCL)
- Desenvolve progresivamente o seu propio criterio estético perseguindo como única finalidade o pracer pola lectura.(CCL, CSIEE, CCEC, CAA)
- Realiza comentarios de textos a partir dunhas pautas dadas de obras da Literatura española desde século XVIII ata a Xeración do 27 (recoñecendo algúns recursos estilísticos e os tópicos literarios).(CCL)
- Redacta textos sinxelos de intención literaria partindo das características

dos traballados na aula. (CCL e CCEC)

→ Emprega diferentes recursos básicos das TIC para a realización de traballos sinxelos e citaos axeitadamente. (CCL, CD)

2.- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN NO TERCEIRO TRIM. CURSO 19-20

AVALIACIÓN.

• PROCEDEMENTOS

Para avaliar e cuantificar aos alumnos de 4º da ESO, teremos en conta:

- a) A actitude amosada ante a materia.
- b) A conexión e o traballo en clase, clase que no terceiro trimestre está sendo de modo virtual.
- c) No terceiro trimestre, a realización das tarefas será sempre de xeito virtual debido á imposibilidade de acceder ás aulas pola crise do coronavirus.
- d) No terceiro trimestre, centrarémonos na expresión e comprensión escrita dado que a expresión oral resultaría complicada en canto posibilidades de comunicación fluida por parte de moitos alumnos.
- e) A elaboración de traballo individual. Non se farán traballos colectivos polos impedimentos de distinto tipo que se presentan no terceiro trimestre.
- f) O resultados de traballos escritas tales como comentarios de textos, exercicios de repaso e exercicios propostos pola profesora.
- g) A lectura obrigatoria de libros e os controis presentados sobre os mesmos. O libro do terceiro trimestre é o que quedou establecido na programación.

• INSTRUMENTOS

- Farase o seguimento e control do alumnado de xeito telemático, xeral para a proposta de exercicios e individual para a corrección e aclaración de dúbidas.
- Para levalo a efecto contamos coa Aula Virtual, Classroom e o correo propio de cada un dos participantes no proceso educativo.

CUALIFICACIÓN FINAL.

A avaliación vai ser sempre unha ferramenta que nos axudará a revisar, adaptar e mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe. É por iso que vai ser decote o alumnado quen condicione o ritmo da clase. Xa que logo, é posible que haxa determinados contidos que, malia se traballaren nun trimestre, deben ser revisados no seguinte.

Dito esto, e dada a situación excepcional que se presenta no **terceiro e último trimestre** do curso 19-20, na **cualificación final** farase unha **media** do primeiro e segundo trimestre á cal se **engadirá** ata un máximo de dous puntos, que serán o resultado do traballo enviado e interese mostrados pola materia ao longo do terceiro trimestre: exercicios de repaso dos temas dados, comentarios de texto dos mesmos, e lectura do libro (proposto xa dende inicio de curso). En ningún caso se restará cualificación á media obtida nos dous primeiros trimestres. Estes traballos servirán de repaso e afianzamento, pero tamén servirán de **recuperación** para aquel alumnado que teña algunha das anteriores avaliacións suspensas.

Os aspectos que se medirán para corrixir e cualificar as diferentes probas ou tarefas programadas serán os seguintes:

- Nas actividades de expresión escrita (resumos, desenvolvemento de temas, redaccións, comentarios de textos.) terase en conta a corrección gramatical e ortográfica, a presentación formal, a coherencia ou sentido lóxico do texto, a orixinalidade ou creatividade, a extensión adecuada, etc.
- Nas actividades de comprensión escrita terase en conta se o alumno formula o tema, se capta a estrutura, se comprende as informacións principais, se é quen de valorar ou amosar con espírito crítico a súa opinión persoal sobre algún aspecto concreto.
- No exame sobre o libro de lectura valorarase a comprensión do lido.

PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

Dependendo de cómo se presente a situación sanitaria, o alumno/-a deberá resolver unha proba escrita (presencial ou virtual) na que serán avaliados os contidos das dúas primeiras avaliacións, na data e hora establecida desde xefatura de estudos. O/a alumno/a superará a materia se acada nesta avaliación extraordinaria unha cualificación igual ou superior a 5.

ALUMNADO DE MATERIA PENDENTE

Para recuperar 3º de ESO pendente, haberá dous camiños: ter aprobadas a primeira e segunda avaliación de 4º de ESO ou facer unha proba escrita que se entregará telemáticamente antes de rematar o mes de Maio.

3.- METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE: RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN

METODOLOXÍA (ALUMNADO CON CONECTIVIDADE E SEN CONECTIVIDADE)

Segundo consta, todo o alumnado, con maior ou menor calidade, tén conectividade co centro.

Para valorar o traballo do/a alumno/a, terase en conta:

- As actividades feitas polo/a alumno/a que serán enviadas pola Aula Virtual ou por Classroom e supervisadas e corrixidas pola profesora da materia. Teráse en conta orde, caligrafía, ortografía e contido dos exercicios.
- A atención e cumprimento das explicacións escritas a través da Aula Virtual, Classroom e o correo electrónico, que a profesora fará tanto de xeito comunitario como individual.

- Diferentes exercicios de expresión escrita: comentarios de textos literarios nos que se repasarán os autores e movementos literarios vistos nos dous primeiros trimestres, realización de exercicios nos que traballaremos a morfoloxía, a sintaxe e conceptos de gramática e ortografía dos temas dados no curso, nestos dous últimos apartados continuaremos cos contidos fixados na programación.
- A lectura do libro do terceiro trimestre. O exame consistirá en resolver cuestións relacionadas coa comprensión do libro.

MATERIAIS E RECURSOS

→ Entre os recursos empregados figuran: o libro de texto Lengua Castellana y Literatura, 4º ESO, CASALS, ISBN 978-84-218-6095-3 para a consulta de dúbidas; dicionarios, libro de lectura obrigatorio, actividades de ampliación e reforzo do libro do profesor da mesma editorial , recursos audiovisuais, páxinas e recursos web e material fotocopiado e imprimible que a profesora enviará ao alumnado a través da Aula Virtual, Classroom e a Web do colexio.

4.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS

Todo o traballo proposto farase público por parte da profesora a través da Aula Virtual e da páxina web do Centro.

Para o envío dos exercicios xa feitos, así como a súa corrección utilizarase Aula Virtual e Classroom . A comunicación cos pais faise por correo electrónico. Tamén usaremos o mensaxeiro da Aula Virtual para dar avisos particulares a alumnos/as que o precisen.

PUBLICIDADE

A información xeral (Novas, páxinas Web, etc,) fanse a través da páxina Web do Centro.

